

**EU
PRESUMO
DE
GALEGO**

IES Melide

Curso escolar 2018-2019



1. Título do proxecto: “ Eu presumo de Galego “

2. Introducción. Contextualización e xustificación do proxecto.

O proxecto que presentamos “ **Eu Presumo de Galego**” toma o nome dunha actividade que levamos desenvolvendo no IES de Melide desde hai cinco cursos escolares, é dicir, desde o curso 14/15.

O Eu presumo de galego comezou sendo un concerto organizado polo Equipo de Normalización do IES de Melide, no que se convidada a unha banda (pop, rock, eská...) recoñecida do panorama musical actual galego e no que podía participar alumnado do centro, ademais de na organización en si, actuando como teloneiros da banda, realizando o deseño do cartaz, así como o deseño das entradas e das camisetas promocionais.

Previamente ao concerto, e en horario de mañá, o alumnado do segundo ciclo da ESO, bacharelato, e FP Básica asiste a un faladoiro no que participa a banda estrela convidada. A temática do faladoiro, independentemente de cómo transcurra posteriormente o debate, é sempre a de falar dos pros, contras, facilidades e dificultades de facer música en galego, fora dos circuitos comerciais de consumo maioritario.

O concerto realízase nunha sala de concertos local, a Sala de Concertos Gatos,, sempre en horario de tarde, e o derradeiro venres do mes de xaneiro. A entrada é de balde para tod@s @s membros da comunidade educativa do IES de Mellide.

Recibe ademais o apoio de varias institucións e asociacións culturais como se detalla máis adiante.

Desde o primeiro momento o concerto de Eu Presumo de galego foi acollido con entusiasmo tanto polo alumnado como polo propio profesorado así como

polo resto da comunidade educativa (non falemos dos pais e nais do alumnado que actuaba no concerto, poñamos o caso).

Dado o éxito acadado con dita actividade entendemos que, no presente curso, podería tomar a forma de proxecto, tendo en conta que a dinámica de traballo de cursos precedentes parece axeitada en relación aos obxectivos perseguidos e que cada ano van medrando máis e máis os membros da comunidade educativa do IES de Melide que se implican nel.

Esta é a razón que nos animou a presentar este proxecto, xa que, no presente curso, as actividades relacionadas con el prolongáronse ate o mes de maio e abranguen moitos máis ámbitos que o musical, tamén a poesía, e especialmente a novísima poesía galega, ten un papel fundamental neste proxecto así como a ilustración.

E por estraño que poida parecer, neste proxecto contamos ademais con actividades directamente relacionadas coas matemáticas, a tecnoloxía, o traballo coa madeira, a radio ou a edición de vídeo, como queda exposto máis adiante, no detalle das actividades

Por todo elo, entendemos que o proxecto inclúe melloras substanciais no proceso educativo, e impulsa coñecementos que garanten unha plena competencia comunicativa en lingua galega.

Neste senso, creemos firmemente que o noso proxecto de " Eu Presumo de Galego" axústase a un obxectivo fundamental que é que o uso do galego se prolongue no ámbito que rodea aos centros, de xeito que a mocidade galega atope espazos onde se comunicar con normalidade na lingua propia .

Tamén creemos importante aquí sinalar a propia idiosincrasia do centro:

A cuestión da normalización no IES de Melide, lonxe de cingirse exclusivamente á cuestión lingüística, contemplou desde sempre unha concepción da cultura como un todo integrado por diferentes elementos.

A lingua forma parte de ese todo, cun protagonismo esencial, pero tamén outras múltiples manifestacións que fomos quen de irnos creando como pobo ao longo da nosa historia e que foron, na meirande parte dos casos, ignoradas nos proxectos normalizadores.

Podemos dicir que no noso centro o traballo imita o modelo dunha arañeira. Fronte a liñas de traballo puntuais e ambiciosas, o noso ENL traballa cun modelo “ en rede “ tirando fíos en diversas direccións....non sempre chegan a onde se pretende...pero moitas veces chegan, aínda que sexa a destinos diferentes.

Máis alá do propio concepto, está implícito un modelo que garante unha maneira de actuar e traballar, similar a una tea de araña, onde todos os involucrados son elementos de esa tea conectados a través dun proxecto común.

2.1. Identificación da situación sociolingüística do centro.

A comarca da Terra de Melide, na cal se insire o centro, é, polas súas especiais características xeográficas e económicas, sen dúbida, un dos territorios naturais galegos que máis e mellor conserva os elementos definitorios da cultura tradicional do país. Así é que, alén de que na maior parte dos 13.354 habitantes¹ cos que conta a comarca se observe un monolingüismo en galego practicamente uniforme, o territorio, de cara ao ensino, ofrece unha infinidade de recursos didácticos.

Así, cómpre ter en conta a enorme riqueza que, desde o punto de vista do estudo e análise da historia.. Isto, sen amentar, naturalmente, as consecuencias culturais, sociais e económicas derivadas do paso dos Camiños, sobre todo o Francés, a Santiago polo centro da comarca.

Outro tanto pode dicirse, a outro nivel, das inquedanzas culturais detectadas na zona e plasmadas na existencia de numerosos grupos musicais de variada índole, asociacións de base ou, incluso, organismos patrocinados por institucións oficiais.

Desde un punto de vista lingüístico, igualmente, a comarca ofrece uns rexistros en aceptable estado de conservación. O mesmo poderíamos dicir, especialmente, do vocabulario específico relacionado co medio labrego.

1

Datos do Instituto Galego de Estatística correspondentes ao ano 2010.

No que fai referencia ao uso da lingua e ao dominio das destrezas básicas, os datos que se coñecen da comarca, tirados sobre todo dos estudos estatísticos tales como o Censo de Poboación de 2001 debuxan unha poboación monolingüe en galego na súa meirande parte.

Como é sabido, no conxunto de Galicia o uso ordinario do galego parece diminuír a medida que ascendemos no nivel de estudos da poboación — dato que confirmaría o escaso papel galeguizador da escola— e diminúe tamén entre a poboación que ten como actividade laboral unha profesión relacionada co sector "servizos". Estes datos, cos acoutamentos propios dunha comarca practicamente monolingüe, parecen confirmarse na Terra de Melide.

No que fai referencia á caída interxeracional do idioma, este dato certo no conxunto de Galicia aparece moito máis matizado na Terra de Melide.

3. Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos.

Un dos motivos que nos levou a sacar adiante este proxecto foron as conclusións tiradas da enquisa realizada todos os cursos escolares ao alumnado do centro sobre hábitos lingüísticos. Aquí aparecen reproducidos os resultados, onde queremos salientar as respostas dadas polo alumnado á derradeira pregunta da enquisa e que fai referencia, nomeadamente, á música que escoita o alumnado.


Enquisa sobre hábitos lingüísticos

Alumnado de 1º ESO, 4º ESO, 2º BAC, 2º Madeira

(Maio, 2018) A normalización do idioma galego neste campo non é plenamente satisfactoria. Así se desprende da actitude e práctica que adoptan as persoas que traballan nesta unidade de atención aos integrantes da comunidade educativa en xeral.


1. En que curso estás?

118 respostas




2. Cantos anos tes?

117 respostas




3. En que concello vives?

118 respostas




4. En que lugar vives?

116 respostas




5. Onde naciches?

117 respostas




6. En que lingua dixeches as primeiras palabras?

116 respostas




7. En que lingua se dirixe a ti túa nai?

116 respostas




8. En que lingua se dirixe a ti teu pai?

112 respostas




9. Que lingua falan teus pais entre eles?

116 respostas




10. Cal é a lingua habitual de teus avós maternos?

115 respostas




11. Cal é a lingua habitual de teus avós paternos?

115 respostas




12. Que lingua falas habitualmente na casa?

118 respostas




13. Que lingua falas habitualmente cos teus amigos/as fóra do instituto?

118 respostas




14. Que lingua falas habitualmente cos teus compañeiros/as fóra das clases?

117 respostas




15. Que lingua falas habitualmente co profesorado fóra das clases?

116 respostas




16. En que lingua escribes habitualmente os teus apuntamentos?

117 respostas




17. En que lingua realizas habitualmente as probas escritas (exames)?

118 respostas




18. Cambiaches de lingua habitual algunha vez na túa vida?

117 respostas




19. No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual, que lingua falabas até ese momento?

66 respostas




20. No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual de castelán para galego, cales foron as razóns que te levaron a cambiala?

56 respostas




21. No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual de galego para castelán, cales foron as razóns que te levaron a cambiála?

51 respostas




22. No caso de que algunha vez cambiases a túa lingua habitual de "outra" para galego, cales foron as razóns que te levaron a cambiála?

46 respostas




23. No caso de que nunca cambiases a túa lingua habitual, gustaríache facelo?

100 respostas




24. No caso de que nunca cambiases a túa lingua habitual e che gustase facelo, a que lingua queredes cambiar?

61 respostas




25. Cal é o nivel de estudos de túa nai?

111 respostas




26. Cal é o nivel de estudos de teu pai?

112 respostas




27. Cal é a categoría socioprofesional de túa nai?

111 respostas




28. Cal é a categoría socioprofesional de teu pai?

112 respostas




29. Tes unha imaxe distinta da xente que fala galego a respecto da que fala outra lingua?

115 respostas




30. Se tes unha imaxe distinta da xente que fala galego a respecto da que fala outra lingua, como é en xeral esa imaxe que tes dela?

53 respostas



31. Se escoitas música galega, poderías indicar algún grupo dos que che gusten?
57 respostas



Da análise dos resultados sintetizados ata aquí poderían tirarse cando menos as seguintes conclusións:

1. A lingua utilizada pola maior parte do alumnado do IES de Melide é o galego e a lingua na que aprendeu a falar a maioría dos alumnos e alumnas do IES de Melide foi o galego.
2. No ámbito familiar a presenza do castelán é escasa, e hai unha pequena porcentaxe do alumnado que utiliza galego ou castelán dependendo de se fala co pai ou coa nai.
3. A lingua utilizada para relacionarse cos/coas amigos/as fóra do instituto é, na meirande parte dos casos, o galego.
4. A lingua utilizada por alumnos e alumnas para relacionárense fóra das aulas é o galego na maior parte dos casos.
5. O coñecemento da música que se fai en galego, por parte do alumnado, é moi pouco; entendemos que a influencia dos circuítos de música comercial neste caso é moi forte.

3.1 Presentación dos obxectivos.

1. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.
2. Fomentar o uso do galego, a nivel oral e escrito, por parte dos membros da comunidade educativa de Melide, para reafirmalo como lingua de uso habitual en calquera circunstancia.

3. Coñecer máis e mellor a música e outros proxectos culturais innovadores que se fan en Galicia, desde o firme convencemento de que só se pode amar aquilo que se coñece.
4. Fomentar o hábito lector en galego, tanto de prosa como de poesía, prestando especial atención á literatura xuvenil e a aqueles autores e autoras que conecten ben coa mocidade.
5. Provocar que o alumnado do centro escoite música galega, dando publicidade ás novidades musicais dos diferentes bandas e grupos galegos que aparezan no mercado.
6. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias, así como o noso patrimonio artístico e cultural.
7. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega. Respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito..
8. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
9. Utilizar materiais audiovisuais, que se integran nunha concepción activa e motivadora da aprendizaxe do idioma. Con eles é posible desenvolver actividades como a audición de poemas de diferentes épocas, audición de falares de distintas áreas da xeografía galega, escoitar distintos tipos de música....
10. Participar en certames e concursos tanto de elaboración de textos como de edición de vídeo e elaborar sinxelos programas de televisión, montaxes divulgativas e entrevistas... para Falamelide TV, a emisora interna de televisión do centro.

3.2. Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo.

Para contribuír a lograr os obxectivos sinalados arriba, o noso proxecto apóiase nas seguintes estratexias:

- propostas de actividades moi atractivas para o alumnado especialmente, pero tamén para o resto da comunidade educativa
- Organización e temporalización de actividades ao longo de todo o curso, sen perda do fío condutor de Eu Presumo de Galego
- Recursos propostos desde o propio centro para que toda a comunidade educativa poida formar parte do proxecto.

3.3. Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo.

O proxecto Eu Presumo de Galego pretende axudar á socialización en galego a través da música, a poesía e o teatro e así crear vínculos coa familia, co grupo de pares, e no ámbito escolar e extraescolar.

Mediante un programa amplo de actividades de carácter, artístico pretendemos impulsar e mellorar o uso do galego como lingua na que falar e expresar as nosas emocións. En definitiva, a estratexia é amosar un uso da lingua que se centra nas emocións, nas manifestacións artísticas, para tecer o futuro con responsabilidade e con orgullo desde as raíces e na lingua propia de Galicia.

4. Organización desenvolvemento e metodoloxía.

4.1. Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación en dinamización da lingua galega previstos

4.1.1. TÍTULO E DESCRIPCIÓN	4.1.2 OBXECTIVOS E PROPOSTA METODOLÓXICA	4.1.3 XESTIÓN E TEMPORIZACIÓN
Enquisa ...que música en galego coñeces?	Realización dunha enquisa a todo o alumnado sobre gustos musicais, tipo de música que escoita e bandas de música en	Mes de outubro

	galego que coñece a partir dun cuestionario.	
Selección do grupo ou banda que participará no concerto de Eu Presumo de galego	Baseándose nos resultados recollidos na enquisa realizada a principios de curso comezamos a rolda de pesquisase contactos para concertar a banda protagonista do concerto Eu Presumo de Galego.	Mes de de novembro
Posta en marcha do proxecto “A Banda galega da semana”	Baseándose nos resultados recollidos na enquisa realizada a principios de curso, temporalización de grupos e bandas que se escoitarán, semana a	A primeira banda comeza a soar na primeira semana de novembro. Cada semana, de aquí a final de curso, soará unha banda distinta, seguindo unha orde xa preseleccionada.

	semana, polo fío musical, durante os recreos.	
Posta en marcha de “Tamén na música contra as violencias machistas”	Escolleita de música de diferentes bandas denunciando situacións de violencia machista	25 de novembro, Día contra a violencia machista
Realización de cartaz promocional da banda da semana, co logo do centro e do proxecto. Publicación na páxina de facebook e de Instagram.	Realízase un cartaz promocional, publicítase na páxina de facebook e instagram xunto con un vídeo elaborado pola propia banda escollida destinado persoalmente ao alumnado do IES de Melide.	Tódalas semanas desde o mes de novembro ate o final de curso
Preparación, por parte do alumnado interesado en	.Proposta ao alumnado interesado en participar como	Final de mes de novembro/ principios de decembro

<p>participar como teloneiros no concerto de Presume de galego dos temas que interpretarán.</p>	<p>teloneiros no concerto de Presume de galego, que se compromete a preparar tres temas e a deseñar o seu propio logo para a súa banda.</p>	
<p>Deseño de cartaz, camisetas e entradas para o concerto de Eu Presumo de Galego, día 25 de xaneiro de 2019</p>	<p>A Biblioteca o ENL e o Departamento de Educación de Plástica convocan un concurso de ilustración para o deseño do cartaz as camisetas e as entradas do concerto a celebrar o derradeiro venres do mes de xaneiro.</p>	<p>Final de mes de novembro/ principios de decembro</p>
<p>Deseño dos logos que servirán de modelo no taller</p>	<p>A Biblioteca, o ENL e o Departamento</p>	<p>Mes de xaneiro</p>

<p>de tatuaxe que se realizará o día do concerto.</p>	<p>de Lingua galega convoca un concurso de lemas que ilustrarán as tatuaxes no taller de tatuado a realizar o día do concerto nas horas previas. O taller situarase baixo a carpa que, para tal fin, sitúa todos os anos o Concello de Melide, a carón da Sala de Concertos Gatos</p>	
<p>Realización do pousadoiro Eu Presumo de Galego</p>	<p>Realización dun pousadoiro co lema de Presumo de galego, co obxectivo de publicitar o concerto e o traballo do taller de Plástica e o taller de Madeira, encargados do seu deseño e</p>	<p>Mes de xaneiro</p>

	<p>realización. O pousadoiro situarase baixo a carpa que, para tal fin, sitúa todos os anos o Concello de Melide, a carón da Sala de Concertos Gatos</p>	
<p>Charla faladoiro a cargo de membros de NAO(banda convidada) Cuarta Xusta (banda convidada composta por exalumnas do centro e que debutaron no concerto de Eu Presumo de galego hai dous anos) e Ambalas (grupo teloneiro formado por alumnado e exalumnado do centro)</p>	<p>Realización de tres charlas ao longo da mañá do concerto para o alumnado de 2º ciclo da ESO, 1º e 2º de Bacharelato e FP Básica, nas que os relatores serán os grupos participantes no concerto; tanto a banda convidada como os integrantes da banda teloneira que, recordemos, é alumnado vinculado ao centro.</p>	<p>Día do concerto. 25 de xaneiro</p>

<p>Realización do programa de radio Eu Presumo de galego en FalaMelide o día do concerto</p>	<p>Entrevista en FalaMelide, radio escolar do IES de Melide, aos grupos participantes no Concerto, realizado polo alumnado encargado de Fala Melide</p>	<p>Día do concerto. 25 de xaneiro</p>
<p>Colaboración coa radio municipal de Melide para a realización do programa de radio Eu Presumo de galego</p>	<p>Colaboración coa radio municipal de Melide para realizar unha entrevista, que se emitirá en directo, aos participantes e protagonistas do concerto ese mesmo día.</p>	<p>Día do concerto. 25 de xaneiro</p>
<p>Traballo de publicación na plataforma de Spotify de lista de reprodución Eu Presumo de Galego</p>	<p>Elaboración dunha lista de reprodución que logo se subirá ao Spotify cos temas máis representativos</p>	<p>Mes de febreiro</p>

	dos protagonistas do concerto, este ano Cuarta Xusta e NAO	
Traballo de publicación na plataforma de Spotify de lista de reprodución A Xustiza pola mao e visionado de audiovisuais	Elaboración dunha lista de reprodución que logo se subirá ao Spotify coas distintas versións musicadas por grupos galegos do tema de Rosalía de Castro " A xustiza pola mao "- Proxección tamén dos vídeos que acompañan aos temas	22 de febreiro (en conmemoración do 24 de febreiro- día non lectivo-, día de Rosalía de Castro)
Proxección, na pantalla do corredor principal, de poemas de Rosalía de Castro	A proxección irá acompañada da exposición de ilustracións sacadas do libro " Nas tardes escuras", acompañada da música de Narf,	22 de febreiro (en conmemoración do 24 de febreiro- día non lectivo-, día de Rosalía de Castro)

	que aparece no libro-cd do mesmo nome	
Taller de poesía con Yolanda Castaño con acompañamento e proposta musical do alumnado participante no concerto	A poeta Yolanda Castaño realizará un taller de poesía con alumnado de 1º e 2º de bacharelato implicado directamente na realización do concerto e que darán o toque musical do Eu Presumo de Galego á súa visita	Día 28 de febreiro
Presentación do Festival Eu Presumo de Galego á 6ª edición dos Premios Martín Códax da Música	Por terceiro ano consecutivo decidimos presentar o concerto, que este ano ten forma de proxecto, a estes premios	Cando se convoquen os premios
Obradoiro de Mulleres galegas	Obradoiro de Mulleres galegas	7 de Marzo

<p>Ilustradas a cargo de Laura Romero</p>	<p>Ilustradas a cargo de Laura Romero, para alumnado de Música e Artes Escénicas e Plásticas, a véspera do día da Muller, o 7 de marzo. Nel faise un percorrido sobre o papel da muller na música galega ao tempo que se acompaña de ilustracións realizadas pola propia Laura Romero, que participou, como baixista do grupo Zenzar.</p>	
<p>Traballo audiovisual...E Ti....Presumes de galego?</p>	<p>Realización dun traballo audiovisual consistente nunha serie de entrevistas realizadas en tempo de lecer e</p>	<p>Realización nos meses de marzo/abril e publicación no mes de maio, na Semana das Letras Galegas</p>

	<p>en distintos locais de ocio de Melide sobre usos e hábitos respecto á música feita en galego.</p> <p>Publicación no mes de maio, mes das Letras galegas.</p>	
<p>Elaboración dunha lista de reprodución con poesía galega musicada por bandas galegas</p>	<p>Elaboración dunha lista de reprodución que logo se subirá ao Spotify con poesía galega musicada por bandas galegas.</p> <p>Esta actividade está incluída dentro do programa de actividades para conmemorar o día da poesía 21 de marzo.</p>	<p>Publicación o 21 de marzo, día da Poesía</p>
<p>Concurso de videopoemas</p>	<p>Concurso de elaboración de vídeo poemas</p>	<p>Publicación o 21 de marzo, día da Poesía</p>

	<p>musicados por parte do alumnado, convocado la Biblioteca, Departamento de Música e ENL (a poesía pode ser de autoría propia ou de outro autor ou autora da nosa literatura. A música que se utilice ten que ser dunha banda ou artista galega.</p>	
<p>Intercambio músico cultural con alumnado do CPI Cova Terreña de Baiona. Videoconferencia</p>	<p>Trátase de un primeiro contacto co alumnado de este centro, co que tentaremos seguir ao longo do curso. Trátase de establecer un primeiro contacto, a través de, entre outras cousas, os gustos e afeccións</p>	<p>Mes de marzo</p>

	musicais	
Elaboración do audiovisual “Poesía con pegada II”	Elaboración do audiovisual “Poesía con pegada II” con música de fondo en galego e que pretende difundir a poesía que ilustra as escaleiras da entrada principal do centro. Neste caso, un poema de Rosalía Fernández Rial e un de Manuel María.	Publicación o 21 de marzo, día da Poesía
Club de Lectura e Música Papalibros con Lois Perez	Recitado de poesía e concerto do autor Lois Pérez, autor da obra Long Play, convidado polo club de lectura Papalibros, no que aparecen diversas críticas e reivindicacións	Día 8 de maio

	relacionadas coa cuestión da lingua.	
Representación de microteatro nas aulas, a cargo do grupo de teatro TEIROA	Representación de microteatro , a cargo do grupo de teatro TEIROA do IES de Melide, dun pequeno texto, adaptación libre da obra de Séchu Sende, “A república das palabras”, con temática relacionada co Eu presumo de galego, para conmemorar o Día das letras galegas.	Día 16 de maio
Elaboración da banda sonora do CorreMelide	Selección de fondo musical (de bandas de música en galego) que soarán no CorreMelide, actividade lúdico deportiva festiva,	Data do CorreMelide, 31 de maio

	que marca o comezo do final do curso no IES de Melide-	
Enquisa ...que música en galego coñeces?	Realización da mesma enquisa realizada a principio de curso sobre gustos musicais, tipo de música que escoita e bandas de música en galego que coñece a partir dun cuestionario.	Final de curso

5. Implicación do profesorado, responsables e demais recursos humanos e materiais da comunidade educativa.

O listado do profesorado participante no proxecto Eu Presumo de Galego, así como a profesora responsable e os seu datos, aparecen recollidos no Anexo IV

5.1. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto.

Por parte do **profesorado**, aparte do listado recollido no Anexo IV, no que figuran os datos da profesora responsable e o de os outros nove profesores, podemos dicir que a implicación neste proxecto é moito maior, xa que implica, por unha banda, unha colaboración estreita co equipo de profesorado de **Normalización e Dinamización Lingüística** do centro, e por outra, co profesorado coordinador da **Biblioteca** Xaquín Yebra e co profesorado implicado no **Club de Lectura** Papalibros.

Ademais contamos coa implicación do profesorado do **Ciclo de Grado Medio de Ebanistería e Moble** así como co profesorado de **Tecnoloxía** para

a realización puntual de algunha actividade necesaria para a realización do proxecto. O **profesorado de Inglés** contribuíu á hora de facer as traducións de determinados temas lendarios do rock, do inglés ao galego.

Por parte do **Persoal Non Docente**, podemos dicir que tamén contamos co seu apoio e implicación á hora de facilitar calquera tarefa relacionada co proxecto.

Con respecto aos **pais e nais**, podemos dicir que este proxecto, é visto como algo moi atractivo, xa que implica dun xeito moi importante ao alumnado (os seus fillos) nunha actividade de carácter lúdico festivo musical pero que esixe tamén desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisión e asumir responsabilidades. Tamén un grupo importante de pais e nais participa no Club de Lectura Papalibros, que organiza actividades incluídas neste proxecto.

5.2. Recursos materiais que se van mobilizar

Aparecen recollidos **no punto 8.1** de este proxecto

6. Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas.

Tal e como aparece na descrición do proxecto, a colaboración con institucións, entidades asociación e empresas foi continua desde a primeira edición do “ Eu Presumo de Galego” .

A continuación faise un relatorio das colaboracións e a función de cada unha de elas.

Ademais das colaboracións con toda a comunidade educativa, teremos que salientar as seguintes:

Colaboración coa **Sala de Concertos Gatos**; desde a primeira edición a colaboración con esta entidade foi estreita e necesaria, tendo en conta que o concerto do Eu presumo de galego desenvólvese en horario de tarde, nesta sala mítica xa na difusión de grupos de música en galego.

Colaboración coa **Asociación Cultural o Castelo**; esta é unha asociación co unha forte tradición no Concello de Melide, e sempre vinculada actividades de carácter cultural e musical. Xestiona parte do grupo de música Herbagrileira.

Colaboración coa **Escola de Música Tradicional Herba Grileira**: desde a primeira edición tamén contamos coa actuación de este grupo o día do concerto, que anima ás rúas próximas á sala de concerto co seu tradicional pasarúas previo ao concerto. Ademais gran parte dos seus integrantes son alumnado do IES de Melide.

Colaboración co **Concello de Melide**: tamén desde a primeira edición o Concello de Melide faise cargo de situar, a carón da Sala Gatos, unha pequena carpa, que serve de amparo ao noso pousadoiro taller de tatuaxe. Sirve tamén como punto de encontro antes da entrada ao concerto.

Colaboración coa **Radio Municipal de Melide**, que publicita todas as nosas actividades e realiza unha entrevista, en colaboración co alumnado do centro, aos grupos participantes o día do concerto.

7. Medidas de difusión do proxecto

7.1. Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa

Entre o alumnado e o resto da comunidade educativa, ao ser este xa un proxecto que levamos desenvolvendo varios cursos, é de sobra coñecido. Aínda así, ao principio do mes de xaneiro, comezamos coa difusión máis evidente, coa cartelería xa impresa e difusión de cuñas radiofónicas na radio escolar. Tamén todos os concursos e convocatorias, así como as propostas de realización de audiovisuais e recitado, son publicitados, tanto desde o Equipo de Normalización como desde os Departamentos de linguas, a biblioteca Xaquín Yebra e a Vicedirección.

7.2 Na contorna e/ ou outros espazos.

A cartelería é repartida e publicitada por locais e espazos habitualmente visitados pola rapazada, tanto no propio concello de Melide como nos Concellos dos que tamén provén alumnado, é dicir, Toques e Santiso, e tamén en concellos limítrofes como Arzúa ou Palas de Rei.

Ademais todas as actividades incluídas neste proxecto difúndense nas contas de Facebook e Instagram creadas para tal uso, así como na radio escolar Fala Melide , como en RadioMelide (a radio municipal do concello).

8. Orzamento.

A continuación aparece o listado das actividades que precisan algún tipo de orzamento acompañadas do seu orzamento(Aparece detallado tamén o material a utilizar tal e como se pide no punto 8.1

8.1. Xustificación e desagregación

4.1.1. TÍTULO E DESCRIPCIÓN	ORZAMENTO
Posta en marcha da actividade “A Banda da semana “	300 euros (para revisión e actualización do fío musical dos corredores do centro)
Deseño de cartaz, camisetas e entradas para o concerto de Eu Presumo de Galego, día 25 de xaneiro de 2019	500 euros (gastos de imprenta e impresión)
Deseño dos logos que servirán de modelo no taller de tatuaxe que se realizará o día do concerto.	50 euros (gastos de papel especial e impresión)
Realización do pousadoiro Eu Presumo de Galego	50 euros (gastos en pintura e soporte)
Charla faladoiro a cargo de membros de NAO(banda convidada) Cuarta Xusta (banda convidada composta por exalumnas do centro e que debutaron no concerto de Eu Presumo de galego hai dous anos) e Ambalas (grupo teloneiro	500 euros (gastos de pago ao grupo convidado máis transporte)

formado por alumnado e exalumnado do centro) o día do concerto. Pola tarde o concerto iníciase ás 18,00 horas.	
Taller de poesía con Yolanda Castaño con acompañamento e proposta musical do alumnado participante no concerto	200 euros (custo dos dous obradoiros a realizar pola autora)
Obradoiro de Mulleres galegas ilustradas a cargo de Laura Romero	200 euros (custo dos dous obradoiros a realizar pola autora)
Concurso de videopoemas	100 euros (os premios)
Elaboración do audiovisual “ Poesía con pegada II”	50 euros (o material necesario)
Club de Lectura e Música Papalibros con Lois Perez	180 euros (custo da sesión de Club de Lectura + 10 exemplares de Long Play
TOTAL	2130 euros

9. Plan de avaliación

9.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Os criterios e indicadores que nos servirán para a avaliación son os seguintes:

- _ A contribución do proxecto á eliminación dos prexuízos lingüísticos respecto á música e demais manifestacións artísticas en galego
- _ A contribución do proxecto na construción de vínculos importantes entre a lingua galega e unha cultura de interese para a mocidade e con proxección de futuro.
- _ O acceso de alumnos e alumnas en igualdade de condicións a este proxecto no que se presta especial atención á presenza da muller na música galega.

_ O compromiso dunha grande parte da comunidade educativa que coñece esta experiencia e proxecto, e que sexa considerada como innovadora no eido da lingua e da súa normalización.

_ Que o proxecto sirva de estímulo para o gusto polo traballo da lingua e propicie actitudes favorábeis no profesorado e no alumnado en relación ao mesmo.

_ Que o noso centro educativo, o IES de Melide, apareza como suxeito transformador e favorecedor da realidade sociolingüística e cultural da comunidade próxima.

_ Que o proxecto teña carácter de continuidade (lembramos que esta é a quinta edición do concerto, e que dito concertó é una parte importante en torno a que xira o noso proxecto).

- Que o coñecemento da música o teatro e a poesía en galego sirva para afondar nas posibilidades lingüísticas e pedagóxicas para o traballo docente.

9.2. Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa.

Este proxecto recibe o apoio incondicional de toda a comunidade educativa do IES de Melide, e entendemos que as actividades propostas neste proxecto presentan unha serie de características que contribúen ao desenvolvemento integral do alumnado así como, por suposto, a normalización do galego na vida do centro e o seu entorno, que é unha prioridade para nós.

Esperamos ademais mellorar a valoración do galego, dende o coñecemento da súa riqueza e expresividade, sobre todo presentando divertidas e innovadoras actividades que ao abeiro dun ambiente positivo posibilite unha mellora substancial nas relacións entre a comunidade educativa, tendo como soporte a música, a poesía e o teatro e as novas tecnoloxías..

10. Profesorado participante. Funcións e tarefas que vai realizar o profesorado implicado. Detallaranse as funcións e as tarefas de cada unha das persoas implicadas.

Quintela Gómez, Margarita: Coordinación; responsable do EDNL do IES de Melide

Losada Soto, Susana: coordinación co Club de Lectura Papalibros para a realización das actividades recollidas neste proxecto de carácter poético musical.

Canoura López, David e Fernández Guzmán, Belén: como profesores de Música ambos, a súa función é a de organizar e velar polo bo funcionamento dos ensaios do grupo que será teloneiro no concerto do Eu Presumo de galego. Serán tamén os encargados de xestionar o préstamo do local de ensaio e os instrumentos.

Núñez Martínez, Antonio: como profesor de Plástica encárgase de coordinar a realización do pousadoiro para o concerto e de supervisar e seleccionar o deseño que ilustrará o cartaz, as entradas e as camisetas para o concerto.

Veiga García, Francisco Manuel: É o encargado da radio escolar FalaMelide e portanto, de todos os traballos que alí se realicen en relación con este proxecto. Isto inclúe tamén a relación co radio municipal de Melide e a realización de programas conxuntos.

Rodríguez Íñiguez, Gloria: encárgase de facer todo tipo de selección poética, sexa da literatura galega ou da autoría propia do alumnado, que despois se acompañará con música galega para a realización do proxecto de realización de videopoemas.

Iglesias Castro, Sonia: como encargada da coordinación da Biblioteca do centro, a súa implicación neste proxecto é moi grande, especialmente referido á cuestión de selección de lecturas para o recitado de poemas, clube de lectura e demais actividades que implican á poesía neste proxecto. A ter en conta tamén que este ano o tema das bibliotecas escolares é precisamente A POESÍA .

Chavarría Teijeiro, Marcos: encargado de todos os aspectos TIC de este proxecto, desde xestionar a nosa páxina de Facebook e Instagram, ate elaborar as listas de reprodución de Spotify, coas suxerencias do alumnado.

Docasar Areán, Miguel Angel: encargado de facer, desde o mes de novembro, o listado de “ A banda da Semana”, seleccionando a banda que soará no fío musical dos corredores no tempo do recreo así como os temas de cada unha

das bandas. Tamén é o encargado de tirar os resultados dos estudos estatísticos realizados ao principio e ao final de curso.

11. Alumnado participante (curso, ciclo, número)

Estes datos aparecen recollidos no anexo II, pero podemos desglosados, quedando así:

3º ESO: 3 grupos de alumnos; total 66 alumn@s

4º ESO: 3 grupos de alumnos; total 67 alumn@s

1º Bac.: 2 grupos de alumnos; total 45 alumn@s

2º Bac.: 3 grupos de alumnos; total 60 alumn@s

FPB 1: 3 grupos de alumnos; total 13 alumn@s

FPB 2: 3 grupos de alumnos; total 16 alumn@s

PROXECTO EU PRESUMO DE GALEGO

Melide 13 de xaneiro de 2019

A Coordinadora do Proxecto

Marga Quintela Gómez